

Xacemento Cruces do Pisón

010207

Datos de Localización

Cruz de termo

Nomenclator:	3200507
Coord. UTM:	X: 604613 Y: 4641313
Concello:	Baltar
Parroquia:	VILAMAIOR DA BOULLOSA
Lugar:	Montecelo
Tipoloxía:	Representacións Rupestres
Tipo:	Cruces de termo
Subtipo:	Cruz de termo
Denominación:	Xacemento Cruces do Pisón
Etaqa Histórica:	Idade Media
Estilo relevante	Indeterminado



Outros Estilos:

Descrición:

Partindo de Baltar, tomar a nova estrada que comunica con Portugal ata chegar ao cruce que leva cara a Boullosa. Os gravados atópanse uns 70 metros antes deste cruce, concretamente a man esquerda. Haberá que camiñar uns 40 metros en dirección ao río para atopalos. Localízase nun pequeno rechán da ladeira que, baixando dende o monte onde se atopa o xacemento O Crasto ou Outeiro do Demo en dirección NL, cae cara ao próximo río da Rousía.

Nunha pena de granito irregular hai tres cruces gravadas, xunto con algúns outros rebaixes de morfoloxía indefinida e difícil interpretación. Das tres cruces identificadas, dúas-as de menores dimensións- dispóñense de maneira alineada. A primeira presenta unhas medidas de 16 cm no brazo longo e 14 cm no brazo curto e a segunda de 12x10 cm. A máis grande, colocada de maneira paralela a éstas, presenta unhas dimensións de 31 cm no brazo longo por 20 no curto, rematando ditos brazos en pequenas covañas ou cazoletas.

Posiblemente este gravados houbera que polos en relación coa presenza nos arredores de varios muíños de río, nos que se comprobou a proliferación deste mesmo tipo de marcas en xambas, dinteis, etc.

Dende este lugar vese a cuberta do Muíño do Pisón 2. Saliantar a dificultade para atopar esta rocha, atopábase totalmente tapada pola densa vexetación e o brión cubría tódala súa superficie impedindo ver claramente os gravados.

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha de inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Código de identificación: GA32005025.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200 m.

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: Grupo II

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 571 / 1963 do Ministerio de Educación Nacional.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Monte baixo, principalmente uces e xestas.

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: A vexetación ocultaba totalmente esta rocha, dificultando a súa localización. Dita rocha, atópase recuberta de brión impedindo unha clara visión das cruces.









